


IX Concurso de Pintura Ernesto Goday



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



ILMO. CONCELLO
GROVE



GODAY

O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Cultura, convoca este concurso en memoria do insigne pintor local don Ernesto Goday Caamaño, que se rexerá polas seguintes bases:

PRIMEIRA. Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor só poderá presentar unha obra.

SEGUNDA. As obras participantes deberán ter unhas dimensións mínimas de 60 x 50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

TERCEIRA. A técnica é libre, pero sempre na modalidade de pintura figurativa. Nesta novena edición, o tema abarcará todo o relacionado coa paisaxe natural e urbana do Grove e as súas xentes.

CUARTA. O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación das presentes bases na Web municipal (www.concellodogrove.es) ata o mércores 30 de setembro, incluído.

QUINTA. O proceso de selección constará de dúas fases: unha de preselección e outra de selección propiamente dita.

Para a preselección, as ou os artistas participantes neste concurso deberán entregar unha fotografía da obra en formato dixital (CD, DVD, correo electrónico...). As imaxes deberán ter unha calidade suficiente que permita a súa correcta visualización por parte dos membros do xurado. O envío por correo electrónico non deberá superar os 3 Mb de peso.

A fotografía deberá ir acompañada da folia de inscrición, que pode baixarse da Web municipal (www.concellodogrove.es).

As fotos en soporte dixital poderanse enviar ao enderezo de correo electrónico casadacultura@concellodogrove.es ou ao enderezo postal:

*Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey
Monte da Vila, 11
36980 O Grove
Pontevedra*

Para a fase de selección, despois de que a organización contacte coa autora ou autor seleccionado, deberán enviarse as obras en soporte físico ao anterior enderezo postal. No exterior do paquete deberá figurar o lema: "IX Concurso de Pintura Ernesto Goday".

SEXTA. No mes de outubro de 2021 reunirase un xurado independente, composto por profesionais do mundo da arte, para a preselección das obras segundo as imaxes recibidas.

As obras preseleccionadas pasarán a formar parte dunha exposición e do *Catálogo 2021*, que se editará co gallo do concurso.

A organización porase en contacto coas persoas preseleccionadas para organizar o envío dos cadros, que deberán estar enmarcados ou cun simple listón.

SÉTIMA. A finais do ano 2021 decidirse a obra gañadora e comunicarse o nome da persoa premiada. Tamén se lle entregará o premio, coincidindo coa inauguración da exposición. A organización publicará e comunicarlles con suficiente antelación as datas ás persoas interesadas.

OITAVA. O premio para a gañadora ou gañador do concurso é de 3.000 euros. A contía está suxeita á correspondente retención fiscal.

O beneficiario/a deberá acreditar que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro ou ben a autorización do interesado ao concello para obter as certificacións da AEAT e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acrediten que se atope ao corrente das obrigas sinaladas.

As autoras ou autores que teñan a súa obra seleccionada para o *Catálogo 2021* serán obsequiados cun exemplar deste.

O xurado, se así o considera, poderá outorgar algún accésit.

NOVENA. A obra gañadora pasará a ser propiedade do Concello do Grove, así como os seus dereitos de reprodución e explotación. As autoras ou autores das obras que fosen preseleccionadas para a edición do *Catálogo 2021* ceden os dereitos de uso e reprodución fotográfica e comprométese a prestar, se así se lles solicita, a súa obra para a exposición citada na base sexta.

DÉCIMA. A organización porá o máximo celo no coidado e tratamento das obras, pero non se responsabiliza da deterioración, roubo ou perda que poidan sufrir por causas alleas a ela ou de forza maior. Os seguros que se quixesen facer efectuaranse por conta de cada participante.

UNDÉCIMA. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

DUODÉCIMA. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.

**CONCELLO DO GROVE
ABRIL 2021**

IX Concurso de Pintura Ernesto Goday

FOLLA DE INSCRICIÓN / HOJA DE INSCRIPCIÓN

Datos do/a autor/a:

Datos del/a autor/a:

NOME/*NOMBRE*: _____

APELIDOS/*APELLIDOS*: _____

ENDEREZO/*DIRECCIÓN*: _____

POBOACIÓN/*POBLACIÓN*: _____ CP: _____

TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

Datos da obra:

Datos de la obra:

TÍTULO DA OBRA/*TÍTULO DE LA OBRA*: _____

TÉCNICA: _____

MEDIDAS: _____ VALORACIÓN ECONÓMICA: _____

Declaro que lin, comprendo e acepto as bases do concurso.

Declaro que lei, comprendo y acepto las bases del concurso.

(Firma / *Sinatura*)